

BASES DO SORTEO DE VALES DE COMPRA DENTRO DA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DO COMERCIO LOCAL "O NADAL MÁIS DOCE"

OBXECTO DO SORTEO:

O Concello de Carballo, dentro do programa de dinamización e promoción da actividade económica local durante a campaña de Nadal, organiza o sorteo de 20 vales de compra por importe de 150 euros cada un, co obxecto de estimular o papel dinamizador e revitalizador que ten o comercio local entre a poboación.

Trátase de fomentar o consumo local no comercio de proximidade, contribuíndo a diferencialo dos seus principais competidores, con actividades de dinamización que buscan ofrecer ao cliente unha atención personalizada, premiando a súa fidelidade.

PARTICIPACIÓN:

Poderán participar no sorteo as persoas maiores de idade que realicen compras superiores a 25 euros nos establecementos que participan na campaña.

Os establecementos adheridos, por cada compra superior a 25 euros, entregarán un boleto que permitirá participar nun sorteo de 20 vales por importe de 150 euros.

Para acceder ao sorteo, a persoa participante deberá depositar o seu boleto cuberto cos seus datos persoais nas urnas situadas nas casiñas do poboado de Nadal do Xardín Municipal.

Horario das casiñas:

- 22, 23, 29 e 30 de decembro: de 12.00 a 13.30 e de 18.00 a 21.00 horas.
- 24 e 31 de decembro: de 12.00 a 13.30 horas.
- 4 e 5 de xaneiro: de 12.00 a 13.30 e de 18.00 a 21.00 horas.

SORTEO:

- O sorteo realizarase o día 8 de xaneiro ás 12.00 horas no Museo de Bergantiños, ubicado na rúa Martín Herrera. Estará presente o alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, farase de forma pública mediante a extracción de 20 boletos premiados e tres boletos de reserva.
- Os resultados do sorteo serán publicados na páxina web e redes sociais do Concello de Carballo.
- Os premios consistirán en 20 vales de compra por importe de 150 euros cada un para gastar no comercio local e poderán canxearse a partir do 31 de marzo de 2024.
- A participación no sorteo implica a aceptación destas bases.

-Información sobre protección de datos persoais (RXPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

Responsable do tratamento: Concello de Carballo (P1501900C)

Finalidades do tratamento: A xestión do sorteo dos bonos de compra nos comercios do Concello de Carballo;

Lexitimación para o tratamento: O consentimento do interesado (artigo 6.1,a do RGPD), o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao Responsable (artigo 6.1,c do RXPD) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RXPD);

Destinatarios dos datos: As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude.

Prazo de conservación: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigaóns legais do Responsable.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exercicio de dereitos: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da sección de "Protección de Datos" na sede electrónica.

Contacto Delegado de Protección de datos e información adicional: Formulario de contacto del DPD en sede electrónica ou dpd@carballo.gal

Máis información en www.carballo.gal